

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 23786 (10/POC-003963)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre o papel que xoga a Escola Galega de Administración Pública no avance do proceso de modernización do sector público autonómico, en especial a formación que imparte no ámbito da Administración electrónica e no relativo á seguridade e protección dos datos de carácter persoal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.2 24066 (10/POC-004009)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 10 máis
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para cubrir as vacantes do persoal habilitado nacional nos concellos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.3 26304 (10/POC-004291)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 6 de maio de 2015 referido á solicitude de traspaso á Xunta de Galicia das competencias en materia de saúde penitenciaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018
- 1.4 27468 (10/POC-004445)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 13 máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 4 de decembro de 2017 referido ás reivindicacións do persoal da Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

- 1.5 28113 (10/POC-004529)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da sentenza da Audiencia Nacional por enaltecemento do terrorismo no caso do colectivo rapeiro "La Insurgencia" e a súa contradición coa xurisprudencia europea
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018
- 1.6 28440 (10/POC-004571)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento do complemento de produtividade ao persoal do Consello Consultivo de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018
- 1.7 28939 (10/POC-004641)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta a Axencia Galega de Emerxencias no ano 2017, así como da minoración dos seus créditos iniciais en 1,8 millóns de euros, e os programas e servizos afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018
- Punto 2. Proposicións non de lei**
- 2.1 20632 (10/PNC-001682)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a remisión con carácter mensual polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dos datos de audiencia obtidos polas distintas canles e programas da Televisión de Galicia e da Radio Galega, así como un informe ao respecto, con carácter anual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017
- 2.2 27972 (10/PNC-002175)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de

Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

2.3

28353 (10/PNC-002230)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa defensa da liberdade de expresión, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto do exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 284, do 27.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 25/04/2018 16:37:03

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil

P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira

P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo

S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Juan Manuel Díaz Villoslada

S

Jacobo Moreira Ferro

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Isabel Novo Fariña

P

José Alberto Pazos Couñago

P

Paula Prado del Río

P

Carmen Santos Queiruga

EM

Luis Villares Naveira

EM

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 23786(10/POC-003963)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o papel que xoga a Escola Galega de Administración Pública no avance do proceso de modernización do sector público autonómico, en especial a formación que imparte no ámbito da Administración electrónica e no relativo á seguridade e protección dos datos de carácter persoal

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 11:05
Nº Rexistro: 23786
Data envío: 22/01/2018 11:05:09.441

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O proceso de modernización da Administración pública iniciado nos últimos anos ten como obxectivos principais, por unha banda a mellora da información e a atención que se ofrece á cidadanía e, por outra, a xestión dos procedementos internos para conseguir unha maior eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos. Nesta transformación, os recursos humanos xogan un papel esencial, xa que o desenvolvemento da tecnoloxía, *per se*, non é sinónimo de éxito na modernización administrativa.

A isto únese a aprobación do Regulamento 2016/679/UE, de 27 de abril, de protección ás persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deses datos. Como expón esta normativa comunitaria, a rápida evolución tecnolóxica e a magnitude de recollida e intercambio de datos persoais permite que tanto os axentes privados como as administracións públicas utilicen os datos a unha escala sen precedentes cando realizan as súas funcións e actividades.

Dada a importancia de xerar a confianza que permita á economía dixital desenvolverse no mercado interior, estes avances requiren dun marco máis sólido para a protección de datos na Unión Europea que só será posible acadar co reforzamento da seguridade xurídica e práctica para as persoas físicas, os operadores e as autoridades públicas.

Neste contexto, é preciso que a Administración pública dispoña dos medios e dos recursos necesarios para formar o seu persoal tanto no eido da Administración electrónica como no relativo á seguridade e protección dos datos persoais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguintes preguntas orais en Comisión:

-Que papel xoga a Escola Galega de Administración Pública no avance do proceso de modernización do sector público autonómico?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 11:05
Nº Rexistro: 23786
Data envío: 22/01/2018 11:05:09.441

-En especial, que formación imparte este organismo no ámbito da Administración electrónica e no relativo a seguridade e protección de datos de carácter persoal?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 22/01/2018 10:39:24

Moisés Blanco Paradelo na data 22/01/2018 10:39:50

María Isabel Novo Fariña na data 22/01/2018 10:39:58

César Manuel Fernández Gil na data 22/01/2018 10:40:16

Antonio Mouriño Villar na data 22/01/2018 10:40:23

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2018 10:40:40

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2018 10:40:51

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2018 10:41:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 24066(10/POC-004009)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 10 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para
cubrir as vacantes do persoal habilitado nacional nos
concellos de Galicia

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:03
Nº Rexistro: 24066
Data envío: 24/01/2018 13:03:55.109

A Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Respecto das prazas de habilitadas nacionais en concellos de Galicia, na actualidade atopámonos coa problemática que xorde á hora de cubrir as prazas vacantes, que cada ano se incrementan debido as xubilacións que se producen e a falta de habilitados. En Galicia un 10% de concellos non teñen secretario/a ou interventor/a, pertencente ao corpo de habilitados nacionais, e outro 10 % a praza está sendo cuberta mediante o sistema de acumulación que supón o desempeño das súas funcións a tempo parcial na correspondente entidade local .

Esta situación, ante a que os propios alcaldes e alcaldesas, así como os secretarios/as e interventores/as, a través dos seus colexios profesionais, veñen reclamando a adopción de medidas, impide o normal funcionamento dos concellos e polo tanto da prestación de servizos á cidadanía.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para cubrir as vacantes deste persoal habilitado nacional nos concellos de Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 24/01/2018 12:41:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:03
Nº Rexistro: 24066
Data envío: 24/01/2018 13:03:55.109

Alberto Pazos Couñago na data 24/01/2018 12:41:30

Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2018 12:41:39

Antonio Mouriño Villar na data 24/01/2018 12:41:49

María Isabel Novo Fariña na data 24/01/2018 12:41:57

César Manuel Fernández Gil na data 24/01/2018 12:42:06

Diego Calvo Pouso na data 24/01/2018 12:42:09

María Julia Rodríguez Barreira na data 24/01/2018 12:42:17

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2018 12:42:29

María Guadalupe Murillo Solís na data 24/01/2018 12:42:38

Moisés Blanco Paradelo na data 24/01/2018 12:42:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 26304(10/POC-004291)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 6 de maio de 2015 referido á solicitude de traspaso á Xunta de Galicia das competencias en materia de saúde penitenciaria

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria.**

Na anterior lexislatura, concretamente no pleno do 6 de maio de 2015, foi aprobada por unanimidade, a Proposición Non de Lei Doc.núm. 32617(09/PNP-002391) co seguinte enunciado:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a traspasar as competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo SERGAS en conformidade co establecido na Disposición Adicional sexta da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde do 2003”

Sen embargo, pese a tratarse dunha iniciativa que goza do respaldo unánime do Parlamento e de instar ao cumprimento dunha Disposición establecida nunha norma con rango de Lei, que tutela un Dereito de gran importancia como é a saúde das persoas privadas de liberdade, a Xunta de Galicia en nada informou a este Parlamento sobre os trámites ou xestións realizadas para dar cumprimento a dita proposición.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26304
Data envío: 15/02/2018 18:31:40.347



- Cales son as xestións que realizou a Xunta de Galicia para dar cumprimento á Proposición de Lei aprobada sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria?

-

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/02/2018 18:31:08

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 27468(10/POC-004445)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 4 de decembro de 2017 referido ás reivindicacións do persoal da Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Magdalena Barahona Martín, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

Tras a comparecencia do Conselleiro de vicepresidencia no Pleno do Parlamento de data 6/3/2018 toda a cámara puido comprobar a falta de vontade política de rematar coa folga indefinida dos traballadores e traballadoras de Xustiza que acada a día de hoxe, cando se redacta esta Pregunta, o mes completo de mobilización.

Existe un Acordo parlamentario, de data 4/12/2017, que insta por unanimidade da cámara ao Goberno a acadar un acordo, xa que as reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras son xustas.

Lonxe de favorecer iso, o Goberno dificultou ese acordo mediante a súa actitude durante as negociacións, tanto nas ofertas realizadas como nas condicións de cumprimento temporal nas mesmas; mediante a obstaculización dos dereitos fundamentais dos traballadores/as impoñendo uns servizos mínimos abusivos na folga ou tratando de evitar que se puidese dispoñer durante o mes de febreiro de días festivos. Finalmente, o equipo negociador, funcionando máis como



provocador que como conciliador, fan na práctica imposible o acordo, só imputable á actitude da Xunta de Galicia e non á representación dos sindicatos do Comité de Folga.

A situación é insostible no tempo, tanto polo dano que se infrinxe ao servizo público ao nos negar toda a sociedade melloras que son indispensables para o bo funcionamento da Xustiza como polo sufrimento innecesario que se causa a uns traballadores que con nóminas moitos deles de apenas mil euros levan máis dun mes sen cobrar.

A loita pola reposición de prazas amortizadas, rematar coa discriminación salarial nas substitucións entre funcionarios/as; rematar co agravio salarial con outras comunidades autónomas ou poñer fin ao espolio salarial en caso de IT son medidas precisas para que a Administración sirva máis eficazmente os intereses xerais da Xustiza, garantía dun Estado democrático.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta ao Goberno:

Cando pensa o Goberno cumprir o mandato parlamentario e dar cabo das reivindicacións xustas das traballadoras e traballadores da Xustiza, en beneficio do interese xeral?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:52
Nº Rexistro: 27468
Data envío: 07/03/2018 12:52:50.284



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 07/03/2018 12:46:36

Luis Villares Naveira na data 07/03/2018 12:46:41

Antón Sánchez García na data 07/03/2018 12:46:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/03/2018 12:47:10

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2018 12:47:18

Eva Solla Fernández na data 07/03/2018 12:47:24

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2018 12:47:31

Francisco Casal Vidal na data 07/03/2018 12:47:39

Luca Chao Pérez na data 07/03/2018 12:47:47

José Manuel Lago Peñas na data 07/03/2018 12:47:54

Juan José Merlo Lorenzo na data 07/03/2018 12:48:01

Paula Quinteiro Araújo na data 07/03/2018 12:48:08

David Rodríguez Estévez na data 07/03/2018 12:48:17

Magdalena Barahona Martín na data 07/03/2018 12:48:23

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 28113(10/POC-004529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da sentenza da Audiencia Nacional por enaltecemento do terrorismo no caso do colectivo rapeiro "La Insurgencia" e a súa contradición coa xurisprudencia europea

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Nos últimos anos véñense repetindo as denuncias, multas, procesos e condenas ao abeiro das modificacións do código penal e a lei mordaza, co obxecto de sancionar pola vía administrativa e penal actuacións que se poden enmarcar no exercicio de dereitos fundamentais como o de manifestación, folga, reunión, expresión, etc.

Estas sancións e condenas teñen como resultado o amedrentamento, a coacción, a asfixia do exercicio dos dereitos democráticos. Trátase dunha escalada regresiva e represiva que está dando lugar a numerosas condenas ao Estado español por parte do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos.

O 4 de decembro do 2017, a Audiencia Nacional condenou -coa máxima pena pedida pola fiscalía- a 12 integrantes do colectivo musical *La Insurgencia* pol suposta comisión dun delito de enaltecemento do terrorismo. Cada integrante do colectivo foi condenado a 2 anos e un día de prisión, 4.800 euros de multa e 8 anos e un día de inhabilitación para exercer cargo público.

Cómpre ter en conta que a sentenza fala dun risco “abstracto”, contradicindo a doutrina da Directiva Europea sobre enaltecemento, que indica que debe existir un “risco certo e concreto” para a convivencia pacífica na sociedade, que é o ben xurídico a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28113
Data envío: 19/03/2018 12:30:26.477

protexer. Asemade, tamén vai en contra da xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que establece que hai que ter en conta o contexto no que se producen as mensaxes, e se se trata dun escenario de violencia xeneralizada.

Máis alá destas consideracións a respecto do marco xurídico europeo e internacional, os delitos de enaltecemento do terrorismo e incitación ao odio estanse convertendo na coartada perfecta para perseguir xudicialmente a artistas e grupos musicais. A idea de fondo é coartar a liberdade de creación, de expresión e de crítica; perseguir a discrepancia política e social, e fomentar a censura e a autocensura.

É indubidábel que tanto no caso da Insurgencia como de artistas como Valtonyc ou Pablo Hasel estamos ante letras subversivas e provocadoras, de denuncia social e de crítica do sistema político. Mais precisamente son a tolerancia, o pluralismo e o dereito á discrepancia os dereitos que distinguen unha democracia. Cando se limitan e se perseguen estes dereitos fundamentais, en lugar de avanzar retrocedemos.

O mesmo acontece no caso dos expedientes administrativos e multas por aplicación da Lei de seguridade cidadá, coñecida como “Lei mordaza”. Trátase de respostas autoritarias e represivas por parte do Estado ante o malestar e a indignación social, producidos por decisións políticas que causaron un enorme sufrimento pola perda de postos de traballo, de dereitos sociais e laborais, ou polo despexo de vivendas.

As letras das cancións, os discursos públicos de artistas e creadoras, as manifestacións... son –ademais de exercicio da liberdade de expresión e de creación– unha forma de canalizar e darlle visibilidade a esa indignación. Perseguias penalmente como incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo constitúe un exceso que empobrece a democracia e a fai retroceder cara a tempos pasados.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28113
Data envío: 19/03/2018 12:30:26.477

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Comparte o goberno galego a interpretación que fixo a Audiencia Nacional sobre o delito de enaltecemento do terrorismo no caso das letras do colectivo rapeiro *La Insurgencia*?

Como valora a contradición desta interpretación coa xurisprudencia do Tribunal de Estrasburgo e da UE?

Considera necesario o goberno galego apoiar aos integrantes do colectivo musical *La Insurgencia* condenados pola Audiencia Nacional a dous anos e un día de prisión, así como a todas as persoas procesadas, condenadas ou sancionadas por exercer a liberdade de expresión, de creación ou de crítica?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28113
Data envío: 19/03/2018 12:30:26.477

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/03/2018 12:29:29

María Montserrat Prado Cores na data 19/03/2018 12:29:34

Ana Pontón Mondelo na data 19/03/2018 12:29:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/03/2018 12:29:37

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2018 12:29:38

Noa Presas Bergantiños na data 19/03/2018 12:29:40

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 28440(10/POC-004571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as sentenzas xudiciais referidas ao pagamento do
complemento de produtividade ao persoal do Consello
Consultivo de Galicia

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28440
Data envío: 23/03/2018 14:22:37.882



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Hai case 4 anos, o presidente da Xunta de Galicia falaba do Consello Consultivo de Galicia como o “órgano asesor de máximo nivel”, “faro potente” que iluminaría as tarefas da Administración autonómica.

E hai case 4 anos, o Señor Feijóo nomeaba presidente do órgano a José Luis Costa Pillado, quen prometía prudencia, ilusión, imparcialidade e austeridade, promesas incumpridas nestes case 4 anos, tamén en relación coas propias persoas traballadoras da institución: están sendo laminados dende que comezara o mandato do actual presidente; hai un reparto arbitrario do traballo e o Tribunal Supremo acaba de facer firme a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, a través da sentenza da Sección 1.^a da Sala do Contencioso-Administrativo, de 15 de marzo de 2018.

Lamentablemente, esta sentenza supón un varapau para o Consello Consultivo (dise que a argumentación realizada non garda relación directa coa razón de decidir da sentenza) e para a propia Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, pois foi esta a “encargada” de presentar o recurso perante o TS. A maiores, impóñense as custas procesais (2000 euros) á parte recorrente.

O anterior confirma a profunda preocupación deste grupo parlamentario pola afectación ao prestixio, obxectividade e independencia do Consello Consultivo de Galicia, polo que reiteramos a necesidade do seu cese.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28440
Data envío: 23/03/2018 14:22:37.882



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa facer o Goberno galego ante a recente sentenza do Tribunal Supremo -Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo, de 15 de marzo de 2018- que confirma a condena ao Consello Consultivo de Galicia?
2. Que opinión lle merece entón ao Goberno a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, de data 13 de xaneiro de 2017, que condenaba ao órgano a pagar os complementos de produtividade do persoal que o propio presidente decidira eliminar de maneira arbitraria?
3. Vai esixir o Goberno que sexa o propio presidente do Consello Consultivo quen abone persoalmente a ampliación do orzamento para o pago dos complementos de produtividade do persoal e as custas do procedemento ante o Tribunal Supremo?
4. Entende agora o Goberno que o presidente do Consello Consultivo está a incumprir gravemente os deberes do seu cargo?
5. Entende o Goberno que está en xogo o prestixio da institución?
6. Considera preciso o cesamento do presidente do Consello Consultivo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2018 14:19:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2018 14:19:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28440
Data envío: 23/03/2018 14:22:37.882



Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2018 14:19:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 28939(10/POC-004641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta a Axencia Galega de Emerxencias no ano 2017, así como da minoración dos seus créditos iniciais en 1,8 millóns de euros, e os programas e servizos afectados

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 10:51
Nº Rexistro: 28939
Data envío: 06/04/2018 10:51:57.068



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

**Partido dos
Socialistas
de Galicia**

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A execución dos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de 2017 das entidades do Sector Público autonómico (Axencias Públicas) indica que a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) non adquiriu obrigas por un importe de 2,3 millóns de euros sobre o total de créditos iniciais do exercicio (7,4 millóns), o que determina un grao de execución orzamentaria do 68,5 % sobre o orzamento inicial, que sufriu unha minoración de 1,8 millóns de euros.

Polo que os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os programas e servizos que se viron afectados pola falta de execución referida?

2ª) Cales son os motivos da indicada minoración de créditos iniciais?

3ª) Cales son os motivos desta baixa execución dos créditos iniciais de AXEGA durante o exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2018 10:46:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/04/2018 10:46:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/04/2018 10:46:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/04/2018 10:46:34

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 20632(10/PNC-001682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a remisión con carácter mensual polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dos datos de audiencia obtidos polas distintas canles e programas da Televisión de Galicia e da Radio Galega, así como un informe ao respecto, con carácter anual

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 16:50
Nº Rexistro: 20632
Data envío: 23/11/2017 16:50:31.513

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para remitir con carácter mensual aos grupos parlamentares os datos de audiencia da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira constante e reiterada no Parlamento tanto o Goberno galego como a Dirección Xeral da CRTVG salientan as audiencias como un dos elementos chave para asegurar o éxito que está a ter a programación da Corporación e as decisións adoptadas pola dirección dos medios públicos audiovisuais de Galiza.

Porén, estes datos non son remitidos de maneira oficial e formal aos grupos parlamentares con representación na Cámara galega de xeito periódico para o seu estudo e análise o que dificulta o traballo de seguimento e control que temos a obriga de desenvolver as distintas forzas políticas con representación no Pazo do Hórreo no marco das nosas funcións de control.

Estes datos son indispensábeis para poder avaliar o éxito ou fracaso da programación así como tamén para analizar as posibilidades de explotación dos espazos publicitarios que, de acordo coa Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 16:50
Nº Rexistro: 20632
Data envío: 23/11/2017 16:50:31.513

son fonte de financiamento da Corporación, aínda que até o momento representen apenas o 8% dos seus recursos económicos.

Por este motivo, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento acorda instar a Xunta de Galiza a remitir con carácter mensual os datos de audiencia obtidos polas distintas canles e programas da CRTVG (televisión e radio) aos grupos parlamentares da Cámara así como de maneira anual un informe dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 16:50
Nº Rexistro: 20632
Data envío: 23/11/2017 16:50:31.513

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2017 16:48:48

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2017 16:48:52

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2017 16:48:54

Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2017 16:48:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/11/2017 16:49:02

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2017 16:49:05

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 27972(10/PNC-002175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 13:52
Nº Rexistro: 27972
Data envío: 15/03/2018 13:52:10.075



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade que, lonxe de se reducir, repunta. A pesares de que Galicia rexistrou 6436 denuncias por violencia de xénero en 2017 (un 13,3 % máis que en 2016), só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a muller, en Vigo e en A Coruña.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais debe ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica de 2004. Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do *CGPJ*, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100 000 habitantes, o que alerta de que a “ruralidade” é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso entendemos que, ademais da necesidade de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de dúas cidades galegas sería unha boa solución.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 13:52
Nº Rexistro: 27972
Data envío: 15/03/2018 13:52:10.075



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a comarcalización dos servizos do Imelga (especialmente as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial, de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2018 13:44:56

María Luisa Pierres López na data 15/03/2018 13:45:03

María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2018 13:45:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2018 13:45:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2018 13:45:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 13:52
Nº Rexistro: 27972
Data envío: 15/03/2018 13:52:10.075



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2018 13:45:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 28353(10/PNC-002230)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa defensa da liberdade de expresión, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto do exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Nas últimas semanas multiplicáronse os ataques contra a liberdade de expresión.

Ataques indiscriminados, con maior virulencia que nunca. Outro síntoma alarmante da escalada autoritaria que padecemos desde o 1-O, non só en Cataluña, en todo o Estado. Escalada desde a suspensión cautelar de dereitos e liberdades á derogación de liberdades e dereitos fundamentais. Deriva desde un Estado de excepción a un Estado autoritario.

A solución dos poderes do Estado, dos partidos maioritarios e das grandes corporacións económicas e mediáticas á crise de lexitimidade e representación do Réxime do 78 non é outra que enrocarse nunha orde de voz e pensamento único.

Quérese unha cidadanía desmobilizada, mansa, anestesiada, desinformada, intimidada, silenciosa.

Criminalízase toda discrepancia ou disenso político. Penalízase xudicialmente toda manifestación de protesta e insubmisión. Proscríbese o diálogo e santifícase o consenso imposto.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 13:53
Nº Rexistro: 28353
Data envío: 22/03/2018 13:53:49.282



Privatízanse partidariamente os medios de comunicación públicos para blindar informativamente a impunidade dos poderosos.

As críticas, e mesmo o humor irreverente, tipifícase como delito de odio.

Decrétase prisión preventiva por delitos inexistentes e imaxinarios. Entorpécese toda democratización da opinión. Obstaculízase a liberdade de creación. Secuéstranse libros. Ameázanse redaccións e editoriais. Perséguese a liberdade de expresión.

A derogación, discrecional e selectiva, das liberdade de expresión é un ataque ás raíces de toda democracia.

Representa un ataque frontal contra o pluralismo, contra a manifestación da diversidade e das diferenzas, pon en cuestión a liberdade de crear, e dicir, dissolve os dereitos da cidadanía. Prívanos de ser auténticos cidadáns e cidadás.

A ofensiva contra a liberdade de expresión e manifestación que padecemos pretende a restitución dunha orde servil, autoritaria, non democrática.

O silencio imposto aos cidadáns e cidadás abafa todo autogoberno democrático. Sen liberdade de expresión, non hai democracia.

Se esta Cámara parlamentaria aínda desexa representar democraticamente ás cidadás e cidadáns de Galiza, ten que poñerse ao servizo da liberdade de expresión, cerna de toda democracia.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 13:53
Nº Rexistro: 28353
Data envío: 22/03/2018 13:53:49.282



-Comprometerse activamente coa defensa da liberdade de expresión e denunciar toda actuación que entorpeza, limite ou impida a libre expresión de opinións ou crenzas.

- Dirixirse ao Goberno do Estado para esixir o cese das actuacións represivas que limitan o exercicio de dereitos e liberdades fundamentais.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 22/03/2018 13:52:15